

**ACTA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA**  
**21 de setembro de 2018**

**ASISTENTES:**

- Presidente D. José María Fernández Vázquez
- Vicepresidente D. Miguel Ángel Yebra Varela
- Tesoureiro D. José Luis Fernández Fernández
- Vogal D. Edelmiro Currás Pérez
- Vogal D. José María Vadillo Lopera
- Secretaria D<sup>a</sup> Concepción Mumary Ruibal

Na Sala de Reunións nº3 da Facultade de Ciencias Sociais, cando son as 10:00 h, comeza a xuntanza para tratar os seguintes puntos da orde do día:

**1º. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior**

Unha vez lida, queda aprobada por unanimidade.

**2º. Dimisión de Rubén Pascual Rovira**

O vogal D. Miguel Pascual Rovira, por motivos persoais, presentou carta de dimisión como membro da directiva de ASAEXS.

**3º. Informe de Tesourería**

O Sr. Tesoureiro comunica que a conta electrónica coa que operará a Asociación, e na que se farán efectivos os ingresos das cotas dos asociados/as, xa está activada en Openbank. O IBAN da conta é: ES81-0073-0100-5205-0553-8461

A tarxeta estará a nome do Tesoureiro e as claves de acceso á conta electrónica as terán o Presidente e o Tesoureiro.

A cancelación da conta corrente que a Asociación ten no banco Santander farase efectiva na última semana deste mes de setembro.

Estado de contas:

Saldo anterior		706,11 €
INGRESOS:		50,00 €
– Apertura conta Openbank	50,00 €	
GASTOS:		347,17 €
– Selo, tampón e fotocopias	25,90 €	
– Viño acto graduación	257,00 €	
– Comisión mantemento trimestral	11,72 €	
– Transferencia apertura conta Openbank	50,00 €	
– Gastos transferencia	2,55 €	
Saldo actual		408,94 €

Banco Santander.....358,94 €  
Openbank .....50,00 €

#### **4º. Informe de Secretaría: actividades realizadas e seguimento de propostas e xestións acordadas en anteriores reunións.**

##### **– Actividades realizadas:**

O día 12 de xuño, na Casa das Campás impartíuse o seminario “Da luz á túa factura”, levado a cabo conforme ao convenio asinado por FEGAUS co Instituto Galego de Consumo. A pesar do interese do tema, a asistencia de público foi moi escasa.

O día 20 de xuño, ás 11:30h, no Salón de Actos da Escola de Enxeñería Forestal, celebrouse o Acto de Graduación da XIV Promoción de Graduadas/os Sénior e da XII Promoción de Graduados/as Superior Sénior das que foi padriño o profesor D. Adolfo Cordero Rivera.

A apertura do acto foi a cargo do Sr. Vicerreitor do Campus de Pontevedra, D. Jorge Genaro Soto Carballo.

Foron integrantes da mesa, a Vicerreitora de Captación de alumnado e de Extensión Universitaria D<sup>a</sup> Natalia Caparini Marín, a concelleira do Concello de Pontevedra D<sup>a</sup> Carme Fouces, o Coordinador do Programa para Maiores do Campus de Pontevedra D. José María Pazos Couto e o Presidente de ASAEXS D. José María Fernández Vázquez.

Tras as entregas dos diplomas e becas, ademais do Padriño das promocións, interviñeron os representantes de ambas: D. Miguel Ángel Yebra Varela e D. Rubén Pascual Rovira.

No acto interveu o Coro do Campus de Pontevedra e, ao finalizar, houbo no comedor da Facultade de Ciencias Sociais un petisco.

#### **5º. Propostas de actividades para o 1º cuadrimestre.**

Visita ao Parque Arqueolóxico de Campolameiro o día 26 de outubro. Coa finalidade de que poidan asistir todos os asociados/as que queiran sen problemas de horario de clase, farase en venres. De xestionar esta actividade encargárase a secretaria.

Na primeira Aula Social, xoves día 4, consideramos interesante proporlle ao Coordinador do PUM dedicala a falar de ASAEXS e as súas actividades, do Club de Lectura compartido co Ateneo, do Coro Universitario, da importancia de ter un delegado/a de curso que manteña en contacto ao grupo co profesorado e a Asociación etc. Tamén se lles informaría sobre FEGAUS e o Canal Sénior.

Para facilitar o encontro entre os/as asociados/as, especialmente os novos que se incorporan neste curso, propónse facer unha xuntanza festiva na cervexería Nasa de Mourente na primeira data posible. De xestionar esta actividade encargárase o presidente.

D. Miguel Yebra préstase voluntario a impartir unhas leccións básicas de uso de móbil e novas tecnoloxías nunhas xuntanzas informais que se levarían a cabo na cafetería ou comedor da Facultade de CCSS, local que solicitaría o tesoureiro. Dada a carga de programación docente, de momento non hai días dispoñibles para esta actividade, polo que queda latente ata que haxa posibilidade.

ASAEXS xa ten días reservados na Casa das Campás:

1º cuadrimestre:

- Luns 29-10-18
- Luns 26-11-18
- Luns 21-01-19

2º cuadrimestre:

- Martes 19-02-19
- Martes 26-03-19
- Martes 21-05-19

Na primeira das datas reservadas, luns 29 de outubro, celebrarase unha charla aberta á sociedade pontevedresa na que se fará unha presentación de ASAEXS. Farase unha convocatoria a todo o alumnado matriculado.

Visita ao Diario de Pontevedra no mes de novembro.

As visitas a Lourizán, Porto de Marín e Museo de Pontevedra iranse organizando segundo os horarios das clases.

Queda fixada a data 20 de decembro para a celebración da Cea de Nadal no Parador de Pontevedra. Encargados o presidente e o vicepresidente.

## 6º. Rogos e preguntas

Coméntanse as seguintes accións:

Contactar coa escola de xadrez de Pontevedra para posibilitar a colaboración con ASAEXS para organizar charlas e obradoiros.

Incentivar que os asociados/as envíen propostas de actividades a través do correo electrónico.

Solicitar que algunhas das sesións da Aula Social, do 2º cuadrimestre polo seu horario, se dediquen a obradoiros de Primeiros Auxilios.

A Revista Gaudeamus será promovida por ASAEXS.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 12:30 h.

A SECRETARIA

v. e pr.  
O PRESIDENTE